

## Raúl Reyes, comandante das FARC 'O Plano Colombia quiere acabar coa guerrilla, non co narcotráfico'



A.N.T.

ALBERTE PAGÁN / BOGOTÁ  
Reyes é un dos sete membros do Estado Maior Central das FARC-EP e o principal voceiro da guerrilla

colombiana na Mesa de Diálogo e Negociación co goberno. Unha delegación dos COSAL-Galiza tivo ocasión de falar con el en Los Pozos, Caquetá.

**¿Que é o Plano Colombia? ¿Cal é a postura das FARC ante el?**

Colombia é un país inmensamente rico, con moitísimos recursos. Mais vive nunha desigualdade social demasiado grande, produto do mal reparto que se fixo da riqueza; é dicir, non houbo reparto, senón unha apropiación da riqueza do país.

Os EE UU tiveron presenza en Colombia desde moitos anos atrás, e cada vez buscan afianzar moito máis esa presenza. Agora, co Plano Colombia, o que fixo o Andrés Pastrana é abrírlas aos EE UU as portas de par en par. O Plano Colombia non é máis que un plano de expansión dos intereses estadounidenses non xa só en Colombia, senón en toda a zona andina, e mesmo noutras partes de Suramérica, como en toda a rexión amazónica, con toda a súa riqueza: biodiversidade, agua, fauna, etc.

O pretexto para o deseño desta guerra que lle chaman Plano Colombia é a loita contra o narcotráfico. Nós, como organización revolucionaria, estamos completamente de acordo, por principio, en que se debe combater o narcotráfico. Mais consideramos que a forma na que se está a desenvolver, coas fumigacións dos cultivos ilícitos (coca e adurmeira), non é a vía, porque non só destrúe as precarias formas de subsistencia que creou a xente do campo, senón que contamina o medio ambiente, destrúe o pouco que puido construír o campesiñado en medio de tantas dificultades e provoca enfermidades (que poden chegar a ser conxénitas) en mulleres, nenos e anciáns...

**¿Cal é entón a proposta da FARC para combater o narcotráfico?**

Nós fixemos a proposta para

que a substitución de cultivos sexa manual, arrincando as plantas, mais ofrecéndolle á xente do campo outras maneiras de subsistir. Colombia é un país subdesenvolvido, con formas de economía aínda feudais, que non se pode comparar con ningún país do primeiro mundo. A imposición dun modelo coma este trae como consecuencia máis desigualdades, máis pobreza. Dos 40 millóns de habitantes que ten Colombia só o 5 por cento é o dono das grandes riquezas do país. Esta xente é a que ten que dar e sen embargo son os que se opoñen a calquera loita que adiante o pobo.

Nós vimos denunciando con moita forza, por todos lados, o contido do Plano Colombia, porque partimos de que si hai que loitar contra o narcotráfico, mais os campesiños non son narcotraficantes, senón simplemente traballadores da terra, que sofren

nas súas costas o sol e a agua ao longo de 12 ou 15 horas ao día, e o gaño que obteñen da produción de folia de coca ou adurmeira é mínima. Non se corresponde co traballo que realizan nin cos riscos (tendo en conta que é un traballo ilícito) nin coas enfermidades. Ademais, o pouco que gañan non lles resolve os problemas serios, porque nas áreas de coca e adurmeira aumenta a prostitución, a delincuencia, creándose un estado de descomposición moi grande. Esta psicología e esta falta de ética, produto do narcotráfico, vaixe espallando por todo o país.

Nós non nos imos converter en axentes do Estado nin do Goberno. O que facemos é proporlles fórmulas aos campesiños e traer esas propostas á Mesa de Diálogo e Negociación, para que o Goberno se interese nunha solución política e social do fenómeno.

Propuxemos aquí a legalización do consumo, partindo da análise de que se o negocio é legal deixa de ser interesante, deixa de ser negocio. Distribuímos un comunicado con esta proposta, sobre todo para chamar a atención dos países consumidores e produtores dos elementos químicos, dos países onde ficamos os principais recursos produto do narcotráfico, para que asuman a súa responsabilidade. Mais tamén de países como Colombia, produtores das materias primas, para que tamén se comprometan nos planos de substitución de cultivos. Esa proposta de legalización non tivo máis resposta que a de Holanda, que a considerou importante. Hai dúas ou tres semanas o presidente de Uruguai falou tamén da importancia da proposta. Mais non é doado porque son moitos os intereses que hai detrás dese negocio: gobernos, tráfico de armas, políticas. Os que din que hai que combater o narcotráfico son os que o crearon, os que se están beneficiando. A incidencia que tivo nas clases políticas, moi en particular na clase gobernante colombiana, é moita. Ese diñeiro está presente na cúpula do exército, da policía, e son tantos os ingresos do narcotráfico que fan todo tipo de artimaña para simular que o están combatendo.

**Acusan ás FARC de vivir do narcotráfico. ¿Ata que punto se pode falar dunha "narcoguerrilla"?**

O termo de "narcoguerrilla" introduciuno en Colombia un embaixador estadounidense que, con posterioridade, foi enviado a Costa Rica. Alí atopárono cunha avioneta chea de cocaína, e aí quedou claro quen era este señor. Mais o termo e o concepto foi manexado moi habilmente pola clase política colombiana e polo Pentágono, a CIA e a DEA, co que buscan, ante todo, desprestixiar a guerrilla, dicir que perdeu a sensibilidade e os ideais de cambio, de loita social, e que se

converteu nunha guerrilla que só quere gañar diñeiro e vivir da guerra.

É todo unha campaña que forma parte da guerra. O conflito non é só confrontación, cruces de tiros, mortos, bombardeos, senón que tamén está a outra parte, que quizá sexa máis perigosa, que é a guerra das comunicacións, a parte ideolóxica, a propaganda, a difamación. É unha campaña que levan facendo contra nós desde hai moitos anos, e que seguirán facendo. Non é nada novo nos procesos revolucionarios: fixérono contra Nicaragua, a Cuba pretenderon vincularla co narcotráfico mas non puideron, aínda que fixeron todo o posíbel por desprestixiala.

Nós temos dito publicamente que cobramos impostos. Non só aos que trafican, senón a toda persoa que teña máis de un millón de dólares. O que non facemos é andar a preguntar, porque sería practicamente imposíbel, "A

ver, señor, vostede ten máis de un millón de dólares; se ten que ver co diñeiro do narcotráfico, entón non o recibimos". Morreríamos de fame. Ese é un dos vínculos que podemos ter co narcotráfico. O outro é o feito de convivir nas áreas de cultivo de coca e adurmeira, como convivimos nas áreas onde se produce plátano, iuca, banana, café, sorgo, soia, millo... porque

estamos en todo o país. E nada máis.

Recentemente, Noam Chomsky fixo un estudo no que se sinala que, de todos os milleiros de millóns de dólares do narcotráfico que circulan polo mundo, o 95% circula polo sistema financeiro mundial, polo City Bank, polo Banco Mundial. ¿Onde establecer a liña divisoria, como garantir que cando alguén vai mercar un vehículo, menciñas, unha casa, non estea metido no negocio?

Nunha entrevista do ex-presidente [Alfonso] López [Michelsen] a Enrique Santos Calderón, do xornal *El Tiempo*, dise que, desde o seu goberno, en 1974, ata hoxe, todos os que vestiron a banda presidencial recibiron diñeiro do narcotráfico. Nós sabíamos que Pablo Escobar lle dera a López 20 millóns de pesos, que daquela era moito diñeiro. Aquí noméanse congresistas, ministros, todo o mundo, co diñeiro do narcotráfico.

Nós dicimos que combatan directamente os narcotraficantes que están en Bogotá, en Medellín, en Europa, ben protexidos, donos de moita fortuna e moito poder, que poñen e quitan presidentes, fiscais, xuíces. A eles non lles pasa nada. E menos tocan os narcotraficantes *gringos*. Nós cofecemos a relación que hai entre as mafias de Colombia e as de Miami (a *gusanera* cubana) e a *Cosa Nostra* italiana; están a comprar todo ese armamento da ex-Unión Soviética, e fan o que queren, mesmo apoiaron a campaña presidencial de Bush. ♦